

## DISCURSO DO PRESIDENTE DA UPG

### **Bautista Álvarez**

Congratulacions para a UMG por este congreso que acaba de celebrar. Por moitísimas razóns. A máis importante, polo rigor político das teses sometidas a debate. Xa quixesen as análises de organizacións con máis anos de tradición gozaren de tanta precisión. Resulta refrescante para min o reencontro cunha linguaxe que a literatura de esquerdas actual trata de edulcorar con eufemismos. Non morreu o capital. Segue a galopar, con máis brío se cadra, polos campos a ermo que os outrora defensores da ortodoxia revolucionaria abandonaron. Só na deserción e no desarme ideolóxico cabe interpretar como unipolar a situación mundial. Desapareceu o poder do adversario, cativo e refén do imperialismo, mais non definitivamente derrotado. A contradición entre os pólos é cada día máis radical. O pólo da explotación contra o pólo da miseria, pois segue habendo oprimidos e opresores; segue habendo fame nunha parte e noutra o vómito provocado pola náusea capitalista. Tamén vomitou o imperio romano nos estertores da súa decadencia.

A que vén este exordio para min e para vós que, sendo marxistas, facemos do nacionalismo o baluarte fundamental da nosa loita? Precisamente por iso, por sabermos que a perda de soberanía dos pobos é produto da onda expansiva dos mercados. Non admiten estes fronteiras nin visados que poidan empecer a circulación de capitais. Non hai explicación posíbel para a dependencia política sen unha correcta interpretación da economía. Os imperios clásicos tiñan na escravitude a ferramenta de traballo. O feudalismo trocou os escravos en vasalos e o capital converteu os súbditos e cidadáns en clientela. Creou as colonias para buscar recursos e para expandir mercados. É o mercado o que mellor define a historia da humanidade. Calquera outra explicación é unha representación onírica e distorsionada da realidade. Pola disputa de mercados naceu e pelexou Europa, e polos mercados resucitou no Tratado de Roma.

Sabemos de onde vimos, a onde nos diriximos e en quen non debemos confiar se queremos acadar os nosos obxectivos. Como cidadáns dun país sometido axiña nos decatamos de que a dependecia era produto da vorocidade do modo de produción reinante, que ademais de explotar a clase proletaria puxo ao seu servizo a economía dos pobos oprimidos. Hai máis de dez anos que no congreso da UPG afirmamos, após o desarme ideolóxico dos réximes do Leste, que o centro da contradición ía gravitar sobre os países do Terceiro Mundo. En certa maneira preconizamos o retorno de Bolívar a Venezuela e a reencarnación do Che Guevara no Evo Morales de Bolivia. A que mundo pertencemos nós? Cuestión discutíbel que non se resolve coa integración ou exclusión das redes de alta velocidade, senón no papel que cada quen cumpre no sistema económico. Non variou este desde os Reis Católicos até a Unión Europea, que ten decretada a morte para a nosa capacidade produtiva. Morte benigna, iso si; paliadas con miserábeis subvencións as dores da agonía.

Convenzámonos, camaradas. Non hai lugar para nós dentro dun sistema entendido este nun sentido integral e totalizador, que por esencia é a antítese dos ideais e obxectivos

que defendemos. Se por ventura existir algún nacionalista que non se decate desa contradición, ou está en babia ou é un comediante. Por suposto que sería aberrante a súa presenza nos órganos directivos dunha organización que loita pola emancipación nacional. As nosas relacións cos centros de poder son de combate e non de convivencia. Quen compón a face para atraer a ollada lasciva dos medios de comunicación – controlados directa ou indirectamente por grandes grupos empresarias – está sacrificando o amor do pobo por un imposible romance co sistema. Non está este para redimir cincenas, por ser o ríxido gardián da división de clases.

Coido que con esta interpretación temos suficientemente definida a ubicación do nacionalismo no panorama político internacional. Por contido e obxectivos – á marxe das bases ideolóxicas das que parte – sitúase na esquerda, unha categoría prostituída desde que nela se instalou a progresía e depositou os ovos grolos dun snobismo acrítico e baleiro de contido. A esquerda revolucionaria, antes loitadora, confórmase ás veces con ser simplemente rompedora. Non é a xuventude – quizás máis propensa por idade ao contaxio- a máis atacada polo virus progresista. Son as cabezas encanecidas dos que diluiron a aparente rebeldía de onte no servil conformismo de hoxe. Hai moitísimos moldes que romper. A Revolución Francesa rompeu a monarquía. A Rusa, o capital. Os progres actuais non atopan monarcas nin imperios que derrubar. Abóndalles coa revolución da vestimenta ou a revolución dos sexos. Novas ideas, todas elas moldeadas nos vellos troqueis. Nestes viveiros xermola de cando en vez algunha organización non gobernamental, que veu suplir o papel que antes cumprían as damas da caridade. Que farían sen pobres as señoras aristócratas? Seguramente rezaren novenas. Que farían as ONG's sen a explotación do Terceiro Mundo? Seguramente xogaren ao críquet, por consideraren o fútbol – dada a súa práctica masiva- un deporte de plebeos.

Moito individualismo formalmente aparente que non deixa de ser un gregario seguidismo. Non sei se apelar a un exemplo que pode tentarvos a me considerades un carca desfasado. Acepto o repto. Confío nunha militancia que por fortuna se resiste a substituír a mobilización polo botellón. Nos debates que este fenómeno provocou nos medios de comunicación, o argumento máis reiterado foi a defensa da liberdade da xuventude para programar as súas formas de ocio. De verdade credes na liberdade de programación? Na miña infancia os rapaces de Loucia escollíamos para devertírmonos unha partida de marro mentres os de Andrade xogaban á billarda. Ocio programado? Talvez si, transmitido polos nosos devanceiros. Quizais ideado polos moradores dos castros prehistóricos. En todo caso, subsistía a liberdade de escolla entre o marro ou a billarda. Que liberdade existe nun lecer programado para as mesmas horas, os mesmos días, para o consumo dos mesmos bebedizos en distintas cidades situadas a millares de quilómetros? Onde está o verdadeiro programador? Inxenuamente pensades que a unanimidade pode xurdir por xeración espontánea? Entramos xa nunha cuestión de trascendencia relixiosa, que explica a existencia do mundo por impulso divino. Mesmo os ateos terán que relacionar o botellón cos intereses do deus Baco, divindade que conta con abondosos devotos na nosa sociedade e coa que eu non teño motivos para ser irreverente.

Volvamos ao rego. Hai un só corolario para esta digresión. Nunca como agora foi tan omnímodo o poder do capital. Nunca tan xerarquizado e concentrando estivo o poder

do seu estado maior. Non hai liberdade nin democracia que non fose acoutada no seu curral. A loita contra o modelo económico imperante é a que a esquerda ten que librar. Pode ser máis ou menos radical, mais nela non caben os que sacrifican o sector público polo privado, os que xulgan a economía polos beneficios e non pola función social. Considero necesario deixar clarexada esta cuestión para afianzar os peares que fundamentan o noso problema nacional. Resulta evidente que non existe aquí unha burguesía autóctona, independente no seu funcionamento, capaz de liderar un proxecto de soberanía política. Van ser, entón, as trasnacionais ou os poderes económicos españois os que xenerosamente renuncien ás súas rédeas de control para satisfacer as arelas emancipadoras da Galiza? A resposta é doada para quen ligamos a dependencia coa loita de clases. Mesmo así, a pesar de acreditarmos no aval que garante o valor científico das nosas formulacións teóricas, estamos certos de que no proxecto nacionalista poden e deben integrarse alternativas ideolóxicas complementarias e non diverxentes. Se me permitides auxiliarme de metáforas para dotar de rigor unha interpretación que sen maior explicación parecería sectaria, eu diría que neste caso están os que chegaron ao nacionalismo por impulso do corazón, vía de acceso pola que entramos en principio todos nós. A diferenza está en que os que afortalamos o sentimento patriótico co materialismo histórico puxemos cabeza onde inicialmente só existía corazón. Aquí tendes a miña opinión sobre a fronte nacionalista, interpretación que pode parecer ousada mais non caprichosa. As batallas precisan de moito corazón. Só as gañaron os que puxeron as mellores cabezas no seu estado maior. Entendedes agora a zunia anti-UPG que infesta a infame camada anti-nacionalista?

Non se pode considerar decaída unha doutrina pola desaparición dun réxime que quizais a interpretou dunha forma trabucada. Si así for, se o cesarismo do capital fose irreversible, morta está a causa nacionalista. Estéril sería o desterro de Castelao, o martirio de Alexandre Bóveda, o asasinato de Moncho Reboiras. A semente de vencer, que o poeta atopou na tumba dos heroes nacionais, non pasaría de ser unha metáfora romántica, infecunda e incapaz de florecer. Non é así. Non vai poder a inxustiza abater a nosa esperanza. A proba de que non estamos dispostos a trocar en submisión a rebeldía é a permanencia nunha militancia que non aspira a outra satisfacción que a de ser coherentes coa maneira de pensar e de sentir. Os moralistas chámano a isto a satisfacción do deber cumprido. Nós preferimos considerar a lealdade aos principios como garante dun vitorioso futuro. Non estamos sós. Dentro da Península, o Estado desde a Idade Media ten aínda sen resolver o problema da súa estruturación interna. A solución racional – a que pedimos os que as mentalidades cartesianas da meseta denominan periferia- non satisfai a un reino e a un pobo que se forxou en terras de secano. Non estamos sós, pois connosco ficaron o mar e o vento que Manuel Antonio cantou na súa poesía. Sen mar e sen vento ficaron eles. E ficaron sen razón, non sei se por carencia de cerebro onde gardala. Non lles importa. Atoparon a maneira de suplila. En lugar da razón puxeron o exército na nova constitución, a proba máis evidente do fracaso do modelo que defenden.

Estes son os poderes e as razóns dos españois que mateñen aínda saudades dun imperio fenecido; poderes aos que apelaba o Cardeal Cisneros, creador de milicias, e que acreditaba máis na artillaría que na autoridade do capelo. E onde están os nosos, os

poderes do nacionalismo? Trabúcanse – xa o insinuei anteriormente- os que procuran conseguilos utilizando as fórmulas das que o poder se serve para reproducirse. A nosa forza está no pobo, frase que debe deixar de ser unha consigna para converterse en modelo de actuación política. Sei o que digo. Non se trata dun tópico sobado nas tribunas electorais. É unha alarma de perigo activada por métodos que sacrifican as mensaxes creadoras de conciencia colectiva ás servidumes do márketing electoral.

Como nacionalistas que somos falamos no idioma propio do país. Tamén debemos utilizar unha linguaxe depurada dos contidos ideolóxicos que os nosos adversarios depositaron nela. Escoito amiúdo, e ás veces tamén aquí, frases que encerran matices excluintes. Cando se usa a expresión de “nacionalismos e partidos democráticos” eu non sei se se pretende apartar os violentos ou tamén os que defenden un ideario diferente ao sacralizado no texto constitucional. Nos dous casos hai unha usurpación sectaria do concepto. Pregunto eu aos sacerdotes da ortodoxia democrática se os alzados en armas contra a invasión napoleónica estaban dentro ou fóra dela. Aqueles heroes que o pincel de Goya inmortalizou nos fusilamentos do 2 de maio haberá que concluír que foron pioneiros do terrorismo ibérico.

Linguaxe contaminada é seguir mantendo a dualidade de liberación nacional e liberación social. Cuestión esta que foi esclarecida xa nun debate nun Consello Nacional do BNG. O dualismo implicitamente significa privar a loita de liberación nacional da súa dimensión social. Foi unha resposta - con certeza errónea - ás acusacións do marxismo mecanicista, que atribuíu un carácter pequeno-burgués aos movementos nacionalistas. Así lle foi, incapaz de aplicar un discurso dialéctico ás revolucións que no Terceiro Mundo nacían como loitas de liberación nacional.

Non quero cansarvos. Só me resta animarvos a pór en práctica as análises e resolucións que neste congreso deixades aprobadas. Máis que sorprendeme, satisfaimo a vosa madurez. Non foi inútil a loita dos nosos devanceiros, a dos camaradas mortos. Prescindindo do número de mozos que militan na UMG, comprobar que está en pé unha xeración disposta a sacrificar aos ideais as ambicións persoais, precisamente nun momento no que estas están amosando o poder de corrupción, representa para nós, os que xa nos atopamos máis próximos ás portas do alén, a satisfacción de non partirmos cunha sensación de fracaso.

Viva a UMG!

Viva Galiza Ceibe!